



OFICINA DE MEDIO AMBIENTE

Edificio CACTI

UNIVERSIDADE DE VIGO

Lagoas – Marcosende s/n, 36200 Vigo

Tfno.: 986 81 3883, Fax: 986 81 2135

Correo electrónico: [oma@uvigo.es](mailto:oma@uvigo.es)

<http://www.uvigo.es/servicios/oma/oma.htm>

## RECOMENDACIÓNS PARA O COIDADO DAS ÁRBORES

Cada plantación ten un punto de servicio no que atoparedes:

- a) 1 depósito de auga
- b) 2 bidóns
- c) 1 caldeiro
- d) 1 sachiño

Bidóns, caldeiro e sacho están prendidos por unha cadea cun cadeado de combinación (o número é 3883 que coincide cunha das extensións da OMA - isto é alto secreto-). O punto de servicio de Ciencias queda do outro lado da pista que limita a parte alta da plantación. O de Filloxía e Traducción queda xusto por baixo do ¿estanque?, no extremo máis próximo ás árbores transplantadas.

¿Que facer con toda esta ferramenta? O mellor é coller auga co caldeiro (ou xa directamente co bidón) para regar as árbores, e usar o sacho para manter o alcorque en bo estado (segundo estudos realizados pola OMA, a opción contraria non é tan efectiva, máis que nada porque o sacho non é moi axeitado como medio de transporte hidráulico).

¿Canta auga lles botar? Non hai límite superior: a que poidades (nunha semana seca unha destas árbores pode precisar, dependendo do tamaño, entre 50 e 75 litros). ¿Cando lles botar auga? cando vos veña ben. Os bidóns son de 25 litros, pero non é obrigatorio enchelos. Atendendo a consideracións biomecánicas é mellor levar dous bidóns mediados ou terciados ca un bidón cheo (isto non aplica ós que dominen a funambulesca arte de levar grandes pesos na cabeza).

Se as vosas árbores están nun terreo ladeiro o alcorque debe estar aberto na parte máis elevada co fin de recoller auga de escorrenta. Se están nun terreo chairo o alcorque ten que estar pechado. En dúas palabras: captar e acumular auga. A superficie ó redor do tronco é mellor que estea sen vexetación pero levade coidado de non arrincar plantas interesantes que poidan medrar no tronco ou na base.

Polo demais, avisade se detectades algún problema coa vosa árbore ou se queredes máis información.